



Estratexias de animación á lectura

rodeira



# Estrategias de animación á lectura

## LIBRO: TERRITORIO DESCOÑECIDO

### COMPETENCIAS CLAVE

ESTRATEGIAS	CL				CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CPEC
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA PLURILINGÜE	COMPETENCIA MATEMÁTICA E EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA	COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER	COMPETENCIA CIDADÁ	COMPETENCIA EMPREENDEDORA	COMPETENCIA E EXPRESIÓN CULTURALS
1	X	X	X	X				X	X		
2	X	X	X	X	X			X	X	X	X
3	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
4			X	X				X		X	X
5	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X

## ACTIVIDADE 1:

Antes da lectura: «**TERRITORIO DESCOÑECIDO**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Motivar a lectura do libro.
- \* Traballar a expresión oral e escrita.
- \* Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- \* Fomentar a capacidade crítica.
- \* Desenvolver a capacidade imaxinativa creando hipóteses de lectura a partir do título e da ilustración da portada.

### DESCRIBIÓN

Nesta actividade o profesor/a dividirá a clase en grupos de 3-4 persoas. Os grupos terán que dialogar sobre a portada e a contraportada do libro para establecer hipóteses acerca deste antes da súa lectura.

Para iso terán que fixarse:

- \* No título da obra: que lles suxire de entrada?, que relación podemos establecer entre o título e a ilustración da portada?, etc.
- \* Na ilustración e na tipografía do título: quen ou que aparece nela?, que nos suxire o tipo de letra e o debuxo?, que nos lembra?, etc.
- \* Na contratapa: podería tratarse dunha historia real?, que se destaca da novela?, que tipo de historia podemos intuír que se desenvolverá no libro?, etc.

Ao que os grupos conversen sobre estes puntos, farase unha posta en común das conclusións ás que chegaron cada un deles, así como das dúbidas que xurdisen. Durante a posta en común, o profesor/a tomará nota dos aspectos máis relevantes para, unha vez finalizada a lectura do libro, comprobar se as hipóteses iniciais se cumpriron ou non.

## ORIENTACIÓNS

Nesta actividade, se se considera oportuno (ou tamén en función dos intereses do grupo-clase), o profesorado pode engadir outros aspectos que se deben ter en conta para a análise do libro:

- \* De que tipo de territorio se está a falar?
- \* Pódese afondar na humillación e nas súas consecuencias.

## ACTIVIDADE 2:

Antes da lectura: «**COMO ESTOU?**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Favorecer que o estudante tome conciencia do momento da lectura, así como dos distintos propósitos desta.
- \* Descubrir os pensamentos, ideas, preguntas, propostas, sensacións ou emocións que provoca a lectura nos alumnos.
- \* Motivar o estudante cara ao pracer de ler.

### DESCRICIÓN

Farase unha reflexión co obxectivo de conseguir que o alumnado tome conciencia do seu momento vital e de como a lectura pode favorecer a autorregulación emocional.

Recoméndase que reflexionen de forma individual, para que vivan un momento intrapersonal que despois poderán compartir xa sexa en gran grupo ou en pequenos grupos (en función das características dos estudantes).

.....

**Por que vas ler este libro?**

.....

**Que cres que hai detrás de *Territorio descoñecido*?**

.....

**En que momento vital te encontras?**

## ACTIVIDADE 3:

Durante a lectura: **«AS REDES SOCIAIS A XUÍZO»**

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- \* Traballar a expresión escrita.
- \* Desenvolver a expresión oral e a capacidade argumentativa.
- \* Potenciar a autoconfianza e o autocontrol.

### DESCRIPCIÓN

No libro, Alicia Soler utiliza as redes como vinganza persoal, acto que inflúe en varios personaxes da historia.

**Nós imos levar as redes sociais «a xuízo».**

Dividiremos a clase en grupos pequenos, de 2-3 persoas. Cada un deles preparará o discurso que posteriormente dará o voceiro ante o gran grupo. O tema do discurso ten que versar sobre a defensa ou o rexeitamento do uso das redes sociais como forma de comunicación (vantaxes, inconvenientes, problemas, etc.) e todo o que iso supón nas nosas vidas.

Un xurado formado por un membro de cada grupo avaliará (nunha escala do 1 ao 10) cada un dos seguintes ítems: claridade expositiva, interese da temática, orde na exposición, vocalización, entoación, argumentación, etc.

Unha vez obtidas as puntuacións:

- \* Calcularanse as notas medias de cada ítem, así como a nota media global.
- \* Elaboraranse as gráficas correspondentes en diferentes formatos.
- \* Farase unha táboa comparativa coas notas obtidas por cada grupo.

## ORIENTACIÓN

Non hai que forzar a ninguén a realizar a intervención oral. É unha decisión que teñen que tomar os estudantes. Como docentes, a nosa función ten que ser a de guiar, orientar e dar confianza e seguridade.

No caso de que ningún grupo queira defender a postura de rexeitamento ou de defensa, o profesor ou profesora terá que convencer a alguén para que o faga.

Os ítems que se van avaliar son orientativos: o profesorado, ao coñecer o grupo e seguindo o seu criterio, pode modificalos segundo crea conveniente.



## ACTIVIDADE 4:

Durante a lectura: «**TOMÁS E O BULLYING**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Valorar a importancia dos problemas propios e alleos.
- \* Fomentar o interese polo problema actual do *bullying*.
- \* Traballar o valor do respecto pola diversidade.

### DESCRICIÓN

A historia de Tomás preséntanos as situacións e vivencias dun alumno que sofre *bullying* desde pequeno e como o vive ao longo da novela, así como os cambios que provoca na súa forma de ser e que repercutirán nos que o rodean.

Coa rutina «luz vermella, luz verde» axudaremos os alumnos a buscar e detectar sinais nas accións dos personaxes que desenvolven actitudes negativas e positivas ante a temática do *bullying*.

Ao comezo da lectura, entregaráselles unha fotocopia (como a da figura) que terán que cubrir conforme se vaia desenvolvendo a lectura do libro.

Tal como se explica nas orientacións, os estudantes irán buscando e escribindo na súa fotocopia frases, actitudes ou situacións que concorden coa descrición da luz vermella e da luz verde.

Durante a lectura buscaranse momentos para que aqueles que o desexen poidan compartir voluntariamente as súas reflexións.












Na fotocopia incluírase a pregunta: que aprendemos?

Ao finalizar a lectura farase unha posta en común con toda a clase na que se compartirán as respostas á pregunta anterior.

### ORIENTACIÓNS

As luces vermellas corresponden ás frases, actitudes ou situacións que están presentes no libro e que favorecen o *bullying* na realidade escolar, mentres que as luces verdes son as que tratan de acabar con esta realidade.

ANEXO

LUZ VERMELLA / LUZ VERDE	
	
	
	
	
	
	
	
	
	
	
	

Que aprendemos

## ACTIVIDADE 5:

Despois da lectura: «O VALOR DA VIDA»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Comprender a plenitude da vida.
- \* Valorar o regalo da vida.
- \* Reflexionar sobre as súas actitudes ante a vida.

### DESCRIBIÓN

Nun primeiro momento organizarase a aula en pequenos grupos nos que os alumnos/as compartirán o percorrido vital e existencial dos distintos personaxes que aparecen na obra e as súas actitudes ao longo da historia.

Nun segundo momento, xa de forma individual, reflexionarán sobre a seguinte pregunta: Que te fai estar vivo? Que actitudes cres que son importantes na túa vida? Como vives a vida cos teus amigos ou amigas?

Por último, emulando algún protagonista da obra, de forma individual reflexionarán sobre as súas razóns para non deixar tiradas as persoas importantes da súa vida e compartir con elas os seus medos, frustracións, esperanzas e ilusións.

### ORIENTACIÓNS

Esta actividade pretende dar un sentido global ao percorrido dos personaxes na novela a partir da vida de cada un deles e mostrar como as súas actitudes ante o que vai sucedendo marcan o presente e o futuro das súas accións.